

CONCELLO  
DE VIGO



# Programa de actividades

*Centro de Documentación  
e Recursos Feministas*

*Casa das Mulleres*

**Xaneiro / xuño 2016**



## Presentación de libros

**Mércores, 10 de febreiro ás 19:00 h**

“*Machismos: de micro nada*”. Con... Grupo de traballo en igualdade Fiadeiras do CEESG, (coordinadoras do libro). **Embora, 2015. Presentan** Noelia Darriba, Eva Bastón e Tania Merelas.

**Mércores, 2 de marzo ás 19:00 h**

“*O libro das amigas. Para Begoña Caamaño*”. (Autoedición, 2015)

Con... Bea Caamaño, Carme Panero, María Xosé Porteiro, María Xosé Queizán (coautoras do libro)

## Faladoiros

**Xoves, 18 de febreiro ás 19:00 h**

“*Un cesto de mazás. Memoria das vítimas do 36 e do tempo que veu*” (Autoedición, 2015)

Con... Montse Fajardo (autora do libro)

**Martes, 23 de febreiro ás 19:00 h**

“*Rosalía, feminista*”

Con: Anxo Angueira (escritor e presidente da Fundación Rosalía de Castro)

**Xoves, 10 de marzo ás 19:00 h**

“*Mary Quintero. Retratista desde os 15 anos*” (Xerais, 2015)

Con... Mary Quintero e Fernanda Padín (autoras do libro)

**Martes, 19 de abril ás 19:00 h**

“*A muller na historia da ciencia e a tecnoloxía. Teoría e realidade*”

Con... Amelia Verdejo (doutora en matemáticas)

**Xoves, 12 de maio ás 19:00 h**

“*Mulleres e Ciencia na Universidade de Santiago de Compostela 1910-1936*”

Con... Ricardo Gurriarán (doutor en historia contemporánea)

**Martes, 7 de xuño ás 19:00 h**

“*Fatema Mernissi, escritora feminista do movemento democrático marroquí*”

(Fez 1940-Rabat 2015)

Con... Mina Shayan (Investigadora de xénero)

## Cafés literarios do Club de lectura

Data	Relatora	Libro/autoría
Mércores, 24 febreiro. De 18:00h a 20:00h	María Jesús Soto	“ <i>Merlín e familia</i> ” de Álvaro Cunqueiro
Mércores, 30 marzo. De 18:00h a 20:00h	Concepción Regueiro	“ <i>Frankenstein</i> ” de Mary Shelley
Mércores, 27 abril. De 18:00h a 20:00h	María Jesús Fariña	“ <i>La última niebla</i> ” de María Luisa Bombal
Mércores, 25 maio. De 18:00h a 20:00h	Beatriz F. Barciela	“ <i>A rolda nocturna</i> ” de Sarah Waters
Mércores, 29 xuño. De 18:00h a 20:00h	Graciela Baquero	“ <i>Mientras agonizo</i> ” de William Faulkner

## Obradoiros

**Inscripción previa** desde o día **22 de xaneiro** e ata cubrir prazas na Concellería de Igualdade, 1.ª planta da Casa do Concello de 9:00 a 13:30 h, ou ben a través do T. 986 810 284, en horario de 8:00 a 15:00 h.  
**Lugar de realización dos obradoiros:** Casa das Mulleres, rúa Romil 20.  
**Dirixidos a** mulleres maiores de 18 anos.

### “OBRADOIRO DE CREACIÓN EN VÍDEO: VÍDEO EN FEMININO”

*Obxectivos: Análise fílmica dende a perspectiva de xénero: como é retratada á muller no cinema e na TV?; Creación en vídeo: indagación na ollada propia para a creación dunha pequena peza en formato documental ou vídeo-creación.*

**Imparte:** Cora Peña Hernández. / **Período e horarios:** os xoves e venres desde o **11 de febreiro ata o 18 de marzo**. De 18:00h a 20:30h (30 horas en total). **Contidos:** Emprego descritivo da ferramenta audiovisual / A linguaxe audiovisual, códigos específicos do documental e da vídeo-creación / Estilo: a ollada propia / Realización dunha peza audiovisual.

### “OBRADOIRO DE PINTURA PARA MULLERES: A TÉCNICA DO PASTEL COMO INICIACIÓN ÁS ARTES PLÁSTICAS”

*Obxectivos: Fomentar o coñecemento teórico práctico da pintura ao pastel / Favorecer a actividade artística das mulleres e o aprecio da pintura e da arte en xeral / Propiciar o empoderamento, facendo que a práctica da pintura axude as participantes a saír do seu contorno e apreciar novas formas de coñecemento.*

**Imparte:** Paula Mariño Pazó. / **Período e horarios:** os venres desde o **12 de febreiro ata o 20 de maio** de 10:30 a 12:30 h (28 horas en total). **Contidos:** curso de técnicas e conceptos pictóricos que combina contidos prácticos e teóricos, nos que se traballará co pastel, como técnica de expresión artística desde unha óptica lúdica.

### “ENCONTRO PARA MULLERES: XÉNERO FEMININO, NÚMERO SINGULAR”

*Obxectivos: Visibilizar situacións cotiás, analizando posibles alternativas de cambios positivos / Favorecer a recuperación de espazos perdidos e/ou desexados / Recoñecer unha presenza verdadeira, involucrada en procesos de participación e expresión saudable.*

**Imparte:** Sandra Verba Szman. / **Período e horarios:** os xoves desde o **18 de febreiro ata o 28 de abril** de 19:00 a 20:30 h (15 horas en total). **Contidos:** Identidade e autoestima / Corpo e saúde / Violencia e poder / Crises e estratexias de cambio / Vínculos saudables / Proxectos e desexos.

### “OBRADOIRO DE ESCRITURA: ESCRIBIR A NOSA HISTORIA”

*Obxectivos: Propiciar a visibilidade do colectivo de mulleres / Favorecer o empoderamento da nosa expresión e o recoñecemento das mulleres como protagonistas / Fortalecer a identidade das mulleres.*

**Imparte:** Graciela Baquero Ruibal / **Período e horarios:** luns desde o **15 de febreiro ata o 27 de xuño** de 18:00 a 20:30 h (45 horas en total). **Contidos:** A actitude creativa. Técnicas de desbloqueo / Como percibimos / O ritmo na escritura / Argumento, trama e estrutura dunha historia / Quen escribe? Tipo de narradoras e narradores / Os poboadores e poboadoras do pasado / A paisaxe dos nosos recordos / O subconsciente e os soños / O monólogo interior e outras formas de contar / Ten que parecer verdade.

- *Exposición de pintura "A miña terapia" de Aurea González González. Do 15 febreiro ao 4 de marzo de 2016*
- *Exposición de traballos realizados polo alumnado vigués para o EnlazaVigo 2015. Do 9 ao 30 marzo de 2016*
- *Exposición fotográfica "Visibilizando o autismo II. 2 abril - Día do Autismo" de Paula Verde Francisco. Do 1 ao 22 de abril de 2016*
- *Exposición de pintura "Rigidez" de Kuki Pitart. Do 25 de abril ao 13 de maio de 2016*
- *Exposición de fotografía "Nais do mundo" da Asociación Madres Latinas. Do 16 maio ao 3 de xuño de 2016*
- *IV Exposición colectiva Casa das Mulleres. Do 8 ao 30 de xuño de 2016*
- *Exposición-Aniversario da Asociación Madres Latinas. Do 4 ao 22 de xullo de 2016*
- *A violencia sexual na mocidade. Infórmate. Do 12 ao 30 de setembro de 2016*

## Centro de Documentación e Recursos Feministas

*Biblioteca Juan Compañel - R/ Joaquín Yáñez 6, 2º andar - 36202 Vigo - T. 986 229 074  
centro.documentacion.feminista@vigo.org*

Todas as actividades do Centro de Documentación e Recursos Feministas teñen a entrada libre ata completar o aforo

O CENTRO DE DOCUMENTACIÓN E RECURSOS FEMINISTAS, dependente da Concellería de Igualdade, é un servizo de xestión de información, documentación e materiais de traballo sobre muller, xénero e igualdade dirixido ao público en xeral ou a persoal especializado e interesado nas citadas temáticas.

**Servizos:** consulta en sala, préstamo a domicilio, asesoramento documental, actividades de extensión cultural...

**Horario:** luns e venres de 11:00h a 13:00h / martes, mércores e xoves de 16:30h a 20:30h /  
Xullo: luns a venres de 10:30 a 13:30 horas / Agosto: pechado

## Casa das Mulleres

*R/ Romil, 20 - 36202 Vigo - T. 986 442 194 - Fax 986 442 195 - casadasmulleres@vigo.org*

Nas actividades que se requira inscrición previa, darase prioridade ás mulleres empadroadas en Vigo e ésta realizarase na Concellería de Igualdade: 1ª planta do Concello de Vigo, de luns a venres de 9:00h a 13:30h ou a través do teléfono 986 810 284

A CASA DAS MULLERES é un servizo adscrito á Concellería de Igualdade, aberto ás iniciativas e intereses das mulleres da cidade e das asociacións e colectivos que as representan.

CASA DAS MULLERES: **Horario:** luns a venres de 17:30h a 21:30h

